

ANUNCIO

O Alcalde, o día 01-07-2020, ditou a resolución con número 311/2020:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVO ASPIRANTES 5 PRAZAS PEÓNS SERVIZOS MÍNIMOS

EXPEDIENTE:2020/G003/000355

ANTECEDENTES:

De acordo co establecido nas BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER LABORAL TEMPORAL POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE 5 PRAZAS DE PEÓNS DE OBRA E SERVIZOS MÍNIMOS PARA O CONCELLO DE MELIDE, MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA (OBRA OU SERVIZO DETERMINADO) DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES ANUALIDADE 2020 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (BOP 29 do 12 de febreiro de 2020), segundo bases aprobadas por acordo da XGL de data 2 de xuño de 2020.

Logo de ver a certificación da responsable do Rexistro Xeral de entrada e saída de documentos do Concello de Melide en relación coas solicitudes presentadas para participar na convocatoria para a provisión con carácter laboral temporal por concurso-oposición de 5 prazas de peóns de obra e servizos mínimos para o Concello de Melide, modalidade de contrato de duración determinada (obra ou servizo determinado) dentro do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes anualidade 2020 da Deputación provincial da Coruña.

Sendo que ningún dos 22 aspirantes cumpriu co disposto nas bases de selección sobre relación, numeración e determinación do nº total de documentos enténdese que non queda en ningún caso afectado o dereito a igualdade proclamado no Art. 23.2 CE, non existindo diferenza de trato entre os aspirantes, tendo que dispensárselles a todos un trato igual nas distintas fases do procedemento selectivo. Seguindo a doutrina do Tribunal Constitucional cando a infracción das normas ou bases reguladoras do proceso selectivo implique á súa vez unha vulneración da igualdade entre os participantes, cabe entender que se vulnerou esa dimensión interna e máis específica do dereito que recoñece o Art. 23.2 CE o que de seu esixe a existencia dun termo de comparación sobre o que articular un eventual xuízo de igualdade (SSTC 115/1996, do 25 de xuño).

Sendo que o Concello adoptará todas as medidas necesarias esixidas pola normativa aplicable para a garantía da saúde tanto dos participantes seleccionados como da Comisión seleccionadora, derivadas da RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 25 de xuño de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Con base en todo o anterior e en virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable, ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a seguinte listaxe de admitidas/os e de excluídas/as definitivamente para as probas que darán lugar á devandita contratación

ADMITIDAS/OS:

Nº	NOME E APELIDOS	DNI
1	GUSTAVO ADRIÁN FANALE	***5351**
2	ANTONIO RAMOS MOSTEIRO	***9685**
3	XOSÉ MANUEL QUIÑOY RODRÍGUEZ	***1432**
4	ALFONSO QUINTELA SÁNCHEZ	***7354**
5	JOSÁ ANTONIO VARELA ARIAS	***8354**
6	ALFONSO RÚA SÁNCHEZ	***1780**
7	JAIME ENRIQUE SOTO SANTOS	***3274**
8	ÁNGEL CABO FERNÁNDEZ	***1892**
9	ÓSCAR VÁZQUEZ ARIAS	***4915**
10	M ^a DEL CARMEN AMEIJERAS MEJUTO	***2154**
11	LAURA ADÁN PENAS	***1730**
12	CARLOS SERRANO GONZÁLEZ	***0708**
13	M ^a LUISA ARIAS ARIAS	***8556**
14	NATALIA VÁZQUEZ PEREIRO	***4720**
15	JULIO FUCIÑOS SEGADE	***8557**
16	MACARENA PAZ CARDEIRO	***8722**
17	JOSÉ ANTONIO MATO MEJUTO	***8554**
18	MARTÍN RODRÍGUEZ VEIGA	***4107**
19	CARLOS VIÑAS FILGUEIRA	***2362**
20	JOSÉ ADRIÁN GONZÁLEZ LÓPEZ	***8816**
21	MANUEL VÁZQUEZ GAREA	***1947**
22	ALEXANDRU ARHIP	***3356**

EXCLUÍDOS: NINGUÉN

SEGUNDO: Logo de ver o informe de Secretaría e Intervención núm. 9/2019 de 26 de xuño de asunto: informe xenérico sobre contratacións laborais temporais, modificacións de contratos e xestión de persoal, e en concreto o seu apartado 3 refírese á regulación do tribunal ou comisión seleccionadora; estará composta polos seguintes membros:

- **PRESIDENTE:** José Luis Cordido Vázquez (Encargado Edificio Multiusos, Concello de Melide); Suplente: Enrique Baladrón Cabezón (arquitecto técnico, Concello de Melide).

- **SECRETARIO/A:** Jesús Manuel Cea Vázquez (administrativo, Concello de Melide); Suplente: María Cruz Mosquera Sánchez (administrativa, Concello de Melide).

- **VOGAIS:**

* M^a José Enjamio Vázquez (auxiliar adm, Concello de Melide); Suplente: M^a del Mar Guardo Bande (administrativa, Concello de Melide).

* José Rafael Seoane Mosteiro (peón, Concello de Melide); Suplente: Iván Essau Lugris Beteta (Peón, Concello de Melide).

* Joaquín Vázquez Rodríguez (técnico de normalización lingüística, Concello de Melide); suplente: Xosé Beito Novo Díaz (tradutor, Concello de Lugo).

Os/as aspirantes deberán presentarse nas dependencias do Concello de Melide en chamamento único o **venres 3 de xullo de 2020 ás 10.00 horas na nave de obras sito no recinto feiral do Concello de Melide.**

TERCEIRO: publicar o presente acordo no taboleiro de edictos, na páxina web e na sede electrónica.

Ordeno e asino en Melide, mércores 1 de xullo de 2020. Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que a secretaria da fe. Asdo: A secretaria / María Cruz Andrade García."

Melide, mércores 1 de xullo de 2020. Asdo: A secretaria xeral / María Cruz Andrade García.

